

Acoso escolar (incluído ciberacoso)

Que é na práctica o acoso escolar??

Definición segundo o [Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar](#) da Xunta:

«O fenómeno denominado acoso escolar, maltrato entre iguais ou *bullying* [...] vén definido como “unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de varios ataques” (*Dan Olweus*). Trátase, polo tanto, dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade, na que unha das partes se sente poderosa e asume o papel de agresor ou acosador, en tanto que a outra, máis vulnerable, asume o papel de vítima ou acosada. »

Tipos de acoso	Modalidade de acoso	Manifestación
Exclusión e marxinación social	Activa	Non deixar participar.
	Pasiva	Ignorar
Agresión verbal	Directa	Insultar, poñer alcumes ofensivos...
	Indirecta	Falar mal de alguén ás súas costas.
Agresión física	Directa	Pegar
	Indirecta	Agochar, romper ou roubar cousas
Maltrato	Mixto	Ameazar para meter medo; ameazar con armas; obrigar a facer algo con ameazas (chantaxe).
	Acoso sexual físico	Actos
	Acoso sexual verbal	Comentarios

Para concretar, velaquí algúns exemplos tirados do [protocolo contra o acoso escolar da Xunta](#):

Exemplos de manifestacións do acoso:

- cando se produce **exclusión e marxinación social**: minan a autoestima da persoa e fomentan a súa sensación de temor, rexeitamento, marxinación, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, acoso ou xestos de asco, desprezo ou agresividade dirixidos contra a vítima, pretende illar á persoa do resto do grupo e compañeiras ou compañeiros, no grupo e no centro. Exclusión, non dirixirle a palabra, difusión de rumores e calumnias contra a vítima e o seu aspecto..., na súa presenza ou na súa ausencia, comentarios relativos sobre o grupo ao que pertence (sexo, raza, relixión...), outros.
- cando se produce **agresión verbal**: palabras insultantes, humillacións, alcumes, ameazas, provocacións, desprestixio ou difusión de falsos rumores, menosprezos e ridiculización en público, resaltar defectos físicos, outros.
- cando se produce **agresión física**: incomodar (descolocarlle as cousas, tirar da roupa), intimidacións (ameazas de violencia física, amago de pegarlle...), maniféstase a través de agresións leves ou graves directas (asustar, golpes illados, empurróns, patadas, puñados, beliscos, golpes, tundas, pegar...), extorsións, furtos, roubos, danar as pertenzas da vítima, agocharlle as cousas (maltrato indirecto), uso de calquera obxecto para arremeter contra a persoa, outros.

Máis información aquí (clica)



Pode ter consecuencias penais o acoso escolar??

- Pode. De feito, no mesmo protocolo sobre o acoso escolar da Xunta, menciónase o seguinte:

«A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, aborda dende o plano lexislativo o tratamento de situacións de acoso, partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos [...], e inclúe a problemática derivada do mal uso ou inadecuado uso das novas tecnoloxías [...]

E, a nivel do Estado español, temos o seguinte: «*nos casos máis graves pode dar lugar a accións civís e penais.*» E, con máis detalle:

Vía Penal

«O acoso escolar pode chegar a ser delito, en tanto que as condutas se atopen tipificadas no Código Penal. Un mesmo acto de acoso pode chegar a ser constitutivo de varios delitos», como son os seguintes:

- Lesións (*arts. 147 e ss CP*)
- Ameazas (*arts. 169 a 171 CP*)
- Coaccións (*art. 172 CP*)
- Homicidio doloso (*art. 138 CP*), homicidio imprudente (*art. 142 CP*) ou, incluso, asasinato (*art. 138 CP*).
- Inxurias (*art. 205 e 207 CP*)
- Calumnias (*art. 208 e 210 CP*)
- Agresións e abusos sexuais (*arts. 178 e ss CP*) [...]

Fonte da información:

https://www.abc.es/familia/padres-hijos/abci-esta-responsabilidad-civil-y-penal-puede-exigir-alumno-comete-acoso-escolar-202109170028_noticia.htm

